

JOAN FONTCUBERTA

A FOTOGRAFÍA QUE SE REVELA REBELA

SEMINARIO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Sábado, 24 outubro 2026

Sala de Xuntas do CGAC

Horario: MAÑÁ: de 10:00 a 14:00 h

TARDE: de 16:00 a 20:00 h

DIRECCIÓN: Joan Fontcuberta / COORDINACIÓN: Carmen Hermo

A fotografía e outros medios veciños baseados en dispositivos ópticos de captación de imaxes fundamentaron o noso réxime de visualidade centrado no ollo e a cámara. Pero no bicentenario daquela imaxe fundacional de Nicéphore Niépce, a situación cambiou: ao final, a fotografía saíu do armario. Terminou revelando a súa verdadeira condición, rebelándose contra os constrinximentos que a atenazaban.

O tránsito da alquimia ao algoritmo non só supuxo substituír condimentos na forma de *cociñar* a imaxe. Tamén nos ensinou que xa non se trata apenas de aplicala a capturar o mundo, senón a simulalo, a modelalo e a inventalo.


Navegar entre a revelación e a rebelión constituíu o fondo de boa parte da arte contemporánea e do meu traballo en particular: analizar a natureza das imaxes para facilitar a revolta contra esta natureza. Porque a fotografía nunca foi neutra: sempre revela algo e se rebela contra algo.

Na actual mutación das imaxes, as fotografías, tradicionalmente concibidas como testemuñas do real, convertéronse en artefactos cada vez máis ambiguos. A chegada da IA acelerou esta transformación e acentúan a crise da noción de veracidade visual. Neste novo escenario, a fotografía, máis que morrer, reconfigúrase, convértese en espectral e mutante para coller forzas e renacer das cinzas como a ave Fénix. Pero vémonos abocados a unha nova orde que provoca ao mesmo tempo fascinación acrítica e rexeitamento apocalíptico, e é necesario transcender esta ambivalencia. O obxectivo é claro: se a tecnoloxía é a linguaxe do poder, é necesario comprender para intervir.

O esqueleto conceptual deste seminario baséase no meu máis recente ensaio, *Lliçons de coses: la fotografia que es revela rebel·la* (Arcàdia, Barcelona, 2025), e presenta como casos de estudo exemplos do panorama artístico actual así como proxectos propios.

Joan Fontcuberta

JOAN FONTCUBERTA (Barcelona, 1955) é artista, ensaísta, docente e comisario de exposicións. O seu traballo de creación ocúpase dos conflitos entre a natureza, a tecnoloxía, a fotografía e a verdade, e foi obxecto, durante cinco décadas, de numerosas exposicións individuais e publicacións monográficas.



La fotografía y otros medios vecinos basados en dispositivos ópticos de captación de imágenes han fundamentado nuestro régimen de visualidad centrado en el ojo y la cámara. Pero en el bicentenario de aquella imagen fundacional de Nicéphore Niépce, la situación ha cambiado: al final, la fotografía ha salido del armario. Ha terminado revelando su verdadera condición, rebelándose contra las constricciones que la atenazaban.

El tránsito de la alquimia al algoritmo no solo ha supuesto replazar condimentos en la forma de *cocinar* la imagen. También nos ha enseñado que ya no se trata apenas de aplicarla a capturar al mundo, sino a simularlo, a modelarlo y a inventarlo.

Navegar entre la revelación y la rebelión ha constituido el trasfondo de buena parte del arte contemporáneo y de mi trabajo en particular: analizar la naturaleza de las imágenes para facilitar la revuelta contra esta naturaleza. Porque la fotografía nunca ha sido neutra: siempre revela algo y se rebela contra algo.

En la actual mutación de las imágenes, las fotografías, tradicionalmente concebidas como testigos de lo real, se han convertido en artefactos cada vez más ambiguos. La llegada de la IA ha acelerado esta transformación y ha acentuado la crisis de la noción de veracidad visual. En este nuevo escenario, la fotografía, más que morir, se reconfigura, se convierte en espectral y mutante para coger fuerzas y renacer de las cenizas como el ave Fénix. Pero nos vemos abocados a un nuevo orden que provoca a un tiempo fascinación acrítica y rechazo apocalíptico, y es necesario transcender esta ambivalencia. El objetivo es claro: si la tecnología es el lenguaje del poder, es necesario comprender para intervenir.

El esqueleto conceptual de este seminario se basa en mi más reciente ensayo, *Lliçons de coses: la fotografia que es revela rebel·la* (Arcàdia, Barcelona, 2025), y presenta como casos de estudio ejemplos del panorama artístico actual así como proyectos propios.

Joan Fontcuberta

JOAN FONTCUBERTA (Barcelona, 1955) es artista, ensayista, docente y comisario de exposiciones. Su trabajo de creación ocupa de los conflictos entre naturaleza, tecnología, fotografía y verdad, y ha sido objeto, durante cinco décadas, de numerosas exposiciones individuales y publicaciones monográficas.

Autor dunha ducia de libros de historia e ensaios sobre fotografía, publicáronse trinta monografías sobre o seu traballo artístico.

A súa obra expúxose en museos de todo o mundo, como o MoMA de Nova York, o Art Institute de Chicago, o MUN de Pamplona, o IVAM de Valencia, o FOAM de Ámsterdam, o MEP de París e o Science Museum de Londres, e foi adquirida por numerosas coleccións públicas.

Autor de una docena de libros de historia y ensayos sobre fotografía, se han publicado treinta monografías sobre su trabajo artístico.

Su obra se ha expuesto en museos de todo el mundo, como el MoMA de Nueva York, el Art Institute de Chicago, el MUN de Pamplona, el IVAM de Valencia, el FOAM de Ámsterdam, el MEP de París y el Science Museum de Londres, y ha sido adquirida por numerosas colecciones públicas.

PERSOAS DESTINATARIAS

O curso está dirixido a calquera persoa adulta interesada na fotografía.

PRAZAS: 15

PRAZO DE INSCRIPCIÓN

Do 1 ao 30 de setembro de 2026

INSCRIPCIÓN

A participación no seminario é gratuíta, con inscrición previa.

As persoas interesadas deberán enviar unha mensaxe electrónica a cgac.prensa@xunta.gal cos seguintes datos: nome completo, estudos, área de traballo ou interese, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto, acompañados dunha carta de motivación.

As persoas seleccionadas para participar no seminario recibirán unha mensaxe electrónica de confirmación.

PERSONAS DESTINATARIAS

El curso está dirigido a cualquier persona adulta interesada en la fotografía.

PLAZAS: 15

PLAZO DE INSCRIPCIÓN

Del 1 al 30 de septiembre de 2026

INSCRIPCIÓN

La participación en el seminario es gratuita, con inscripción previa.

Las personas interesadas deberán enviar un correo electrónico a cgac.prensa@xunta.gal con los siguientes datos: nombre completo, estudios, área de trabajo o interés, dirección de correo electrónico y teléfono de contacto, acompañados de una carta de motivación.

Las personas seleccionadas para participar en el seminario recibirán un correo electrónico de confirmación.

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703, Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 623/31

cgac.prensa@xunta.gal / www.cgac.xunta.gal